

seguridade no traballo, vacante no seu cadro de persoal consonte as seguintes

Bases da convocatoria

1. Normas xerais.

1.1. Convócanse probas selectivas para cubrir mediante contrato en réxime laboral de natureza indefinida, unha praza de técnico superior de prevención de riscos laborais, do grupo I, área de seguridade no traballo. A praza resérvase inicialmente para a quenda de promoción interna. De non cubrirse ofertarase polo sistema de acceso xeral libre. Os aspirantes só poderán participar nunha das dúas quendas de acceso: promoción interna ou acceso xeral libre.

1.2. O procedemento de selección será o de concurso-oposición e constará das fases, probas e cualificacións que se especifican no anexo I.

1.3. O programa que rexerá as probas da fase de oposición é o que se relaciona no anexo II.

1.4. Estas probas selectivas axustaránse ao disposto na Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, modificada pola Lei 23/1988, do 28 de xullo; á Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, modificada pola Lei 4/1991, e pola Lei 3/1995; ao Real decreto 364/1995, do 10 de marzo; ao Decreto 95/1991, do 20 de marzo; aos estatutos da Universidade de Vigo e ao disposto nesta convocatoria.

2. Requisitos dos aspirantes.

2.1. Para seren admitidos á realización das probas selectivas, os aspirantes, con independencia da quenda de acceso, deberán posuír todos os requisitos exixidos nesta base na data de remate do prazo de presentación de solicitudes e mantelos ata a sinatura do correspondente contrato.

2.2. Requisitos comúns para todas as quendas de acceso:

a) Ser español ou nacional dun Estado membro da Unión Europea, nacional do Reino de Noruega ou da República de Islandia.

Tamén poderán participar o cónxuxe, descendentes e descendentes do cónxuxe, dos españois e dos nacionais de países membros da Unión Europea, de Noruega ou Islandia sempre que non estean separados de dereito, menores de vinte e un anos ou maiores desta idade que vivan ás súas expensas.

b) Ter cumpridos dezaoto anos de idade e non ter alcanzada a idade de xubilación.

c) Estar en posesión do título de licenciado, arquitecto, enxeñeiro ou equivalente (no caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación), así como estar en posesión de título de técnico en prevención de riscos laborais de nivel superior na especialidade de seguridade no traballo, establecido no anexo VI do Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento dos servizos de prevención.

d) Ter aboadas as taxas por dereitos de exame.

e) Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

f) Non ter sido separado ou estar suspendido do servizo de calquera administración pública nin inhabilitado para o desempeño da función pública por sentenza firme. Os aspirantes que non teñan nacionalidade española deberán acreditar, igualmente, non estar sometidos a sanción disciplinaria ou condena penal que impida no seu Estado o acceso á función pública.

2.3. Os aspirantes que concorran ás probas pola quenda de promoción interna deberán pertencer ao cadro de persoal laboral fixo da Universidade de Vigo e a unha categoría profesional distinta á das prazas obxecto desta convocatoria.

3. Solicitudes.

3.1. As solicitudes para tomar parte nestas probas selectivas axustaranse ao modelo que figura como anexo IV desta convocatoria e dirixiranse ao reitor da Universidade de Vigo no prazo de 20 días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Boletín Oficial del Estado*. Para os efectos divulgativos esta convocatoria remítese tamén ao *Diario Oficial de Galicia*.

3.2. As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral da Universidade de Vigo (Reitoría, Campus das Lagoas-Marcosende, 36310-Vigo) ou segundo as restantes formas previstas no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. As solicitudes subscritas no estranxeiro poderán cursarse a través das representacións diplomáticas e consulares españolas correspondentes.

Os aspirantes non poderán presentar máis dunha solicitude nin solicitar a súa participación nas probas selectivas, simultaneamente, en máis dun sistema de acceso. A contravención dalgunha destas normas determinará a exclusión dos aspirantes.

3.3. Os dereitos de exame serán de 36 euros e ingresarase na conta corrente nº 2091-0501-64-3110000201, *Caixa Galicia*, O.P.-Vigo. Universidade de Vigo. Taxas. Forma de pagamento: directamente nas oficinas da citada entidade, utilizando para iso exclusivamente o impreso de solicitude (anexo IV), ou mediante transferencia bancaria na que deberá constar obrigatoriamente o nome, apelidos e DNI do interesado, o código L104TSPRLS e a categoría Técnico Superior en Prevención de Riscos Laborais, Especialidade de Seguridade no Traballo. En ningún caso a mera presentación da solicitude e o pagamento na entidade bancaria suporá a substitución do trámite de presentación en tempo e forma da solicitude perante o órgano expresado na base 3.2.

Os dereitos de exame serán reintegrados de oficio aos aspirantes que sexan excluídos definitivamente da realización das probas selectivas, ou cando as probas non se realicen, sempre que cubrisen os datos bancarios necesarios para facer a devolución.

3.4. Coa instancia achegárase necesariamente, sendo motivo de exclusión a falta dalgún deles:

a) Fotocopia do documento nacional de identidade; os aspirantes que non posúan nacionalidade española e teñan dereito a participar deberán presentar fotocopia do documento que acredite a súa nacionalidade e, de ser o caso, os documentos que acrediten o vínculo de parentesco e o feito de vivir a expensas ou estar a cargo do nacional doutro Estado co que teñan o dito vínculo. Así mesmo, deberán presentar declaración xurada ou promesa de non estar separado de dereito do seu cónxuxe e, se é o caso, do feito de que o aspirante vive ás súas expensas ou está ao seu cargo.

b) Xustificante de ter aboados os dereitos de exame. Estarán exentas do pagamento as persoas cunha discapacidade igual ou superior ao 33%, sempre que xunto coa súa solicitude presenten as certificacións que a acrediten.

3.5. Os méritos alegados acreditaranse do seguinte xeito:

a) Os servizos prestados nas universidades públicas de Galicia acreditaranse mediante certificación da xerencia ou unidade de persoal correspondente, referidos á data de remate do prazo de presentación de solicitudes; o servizo de xestión de persoal da Universidade de Vigo expedirá, de oficio, certificacións acreditativas para os efectos da valoración de méritos da fase de concurso.

b) A formación acreditarase mediante a presentación dos títulos e diplomas correspondentes, ou certificación do órgano competente de estar en condicións de obtelos na data de remate do prazo de presentación de solicitudes.

c) De conformidade co establecido na base 6.5 da convocatoria, os aspirantes quedarán exentos da realización da proba previa de acreditación do coñecemento do castelán, se coa solicitude achegan copia compulsada dos diplomas básico ou superior de español como lingua estranxeira ou do certificado de aptitude de español para estranxeiros expedido polas escolas oficiais de idiomas. Noutro caso seralles de aplicación o previsto na devandita base.

3.6. Os aspirantes deberán indicar a quenda pola que solicitan acceder no recadro nº 2. Os que teñan algunha minusvalidez poderán solicitar no recadro nº 6 as adaptacións de tempos e medios que consideren necesarias para a realización das probas. Os que prestasen servizos na Universidade de Vigo deberán facelo constar no recadro nº 16, para que se lles emita de oficio a certificación prevista na base 3.5.a).

3.7. Os erros de feito que puidesen advertirse, poderán emendarse en calquera momento, de oficio ou por pedimento do interesado. Os aspirantes quedan vinculados aos datos que fixesen constar nas súas solicitudes, podendo unicamente demandar a súa modificación mediante escrito motivado, dentro do prazo establecido na base 3.1. Transcorrido este prazo non se admitirá ningún pedimento desta natureza, agás

causa excepcional sobrevida, xustificada e discrecionalmente apreciada pola universidade.

4. Admisión de aspirantes.

4.1. Transcorrido o prazo de presentación de solicitudes o reitor da Universidade de Vigo ditará resolución, no prazo máximo dun mes, que se publicará no *Diario Oficial de Galicia*, declarando aprobada a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos, con expresión das causas que motivaron a exclusión e o prazo de emenda dos posibles defectos, que será de 10 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da devandita resolución.

4.2. Os aspirantes que, dentro do prazo sinalado, non emenden a exclusión ou aleguen a omisión, xustificando o seu dereito a seren incluídos na relación de admitidos, serán definitivamente excluídos da realización das probas.

Na resolución definitiva, que se publicará no *Diario Oficial de Galicia*, indicárase así mesmo o lugar, a data e a hora de celebración do primeiro exercicio e contra ela, logo de comunicación a esta reitoría, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo de acordo co previsto na Lei 30/1992.

4.3. En todo caso co obxecto de evitar erros e, no suposto de se produciren, para posibilitar a súa emenda en tempo e forma, os aspirantes comprobarán de forma que faga fe non só que non figuran na lista de excluídos, senón que os seus nomes constan correctamente na relación de admitidos.

5. Tribunal.

5.1. O tribunal cualificador destas probas é o que figura no anexo III desta convocatoria e terá a categoría primeira das recollidas no Decreto 144/2001, do 7 de xuño (DOG do 25 de xuño).

5.2. Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo ao reitor da universidade, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 28 da Lei 30/1992, ou se tivesen participado en tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas dentro dos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

O presidente poderá solicitar dos membros do tribunal declaración expresa de non se encontrar incurso nas circunstancias previstas nos artigos 28 e 29 da Lei 30/1992.

Así mesmo, os aspirantes poderán recusar os membros do tribunal cando concorran as circunstancias citadas.

5.3. Logo da convocatoria do presidente, constituirase o tribunal coa asistencia da maioría dos seus membros titulares ou suplentes. Nesta sesión, o tribunal acordará as decisións que lle correspondan para o correcto desenvolvemento das probas selectivas.

5.4. Para os efectos de realización de sesións, deliberacións e adopcións de acordos, requirirase a asistencia dos membros do tribunal especificada no punto anterior.

5.5. O tribunal resolverá as dúbidas que puidesen xurdir na aplicación destas normas, así como o que se deba facer nos casos non previstos. O procedemento de actuación do tribunal axustarase ao disposto na Lei 30/1992.

5.6. O tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas para as probas correspondentes aos exercicios que estime pertinentes, limitándose os ditos asesores a prestar colaboración nas súas especialidades técnicas. A designación de tales asesores elevarase ao reitor da Universidade de Vigo e seralles de aplicación o previsto na base 5.2.

5.7. O tribunal cualificador adoptará as medidas precisas naqueles casos nos que resulte necesario, de forma que os aspirantes con minusvalidez gocen de similares condicións para a realización dos exercicios ao resto dos aspirantes. Para as persoas con minusvalidez que soliciten na forma prevista na base 3.6., estableceranse as adaptacións posibles en tempo e medios. Para tal efecto, o tribunal poderá solicitar xustificación documental dos aspirantes e os informes sanitarios ou técnicos correspondentes.

5.8. O tribunal adoptará as medidas oportunas para garantir que os exercicios escritos que non deban ser lidos sexan corrixidos sen que se coñeza a identidade dos aspirantes e excluírá a aqueles opositores que consignen nas follas de exame marcas ou signos que permitan coñecer a súa identidade.

5.9. Para efectos de comunicacións e demais incidencias, o tribunal terá a súa sede na Reitoría da Universidade de Vigo, campus das Lagoas-Marcosende, teléfono 986 81 20 00 (centralíña) e 986 81 37 62 (Servizo de Recursos Humanos).

5.10. En ningún caso o tribunal poderá aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes ao das prazas convocadas. Calquera proposta de aprobados que contraveña o establecido será nula de pleno dereito.

6. Desenvolvemento dos exercicios.

6.1. A orde de actuación dos aspirantes iniciárase alfabeticamente polo primeiro da letra D, de conformidade coa resolución da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública do 30 de xaneiro de 2004 (DOG do 4 de febreiro).

6.2. Os aspirantes serán convocados para cada exercicio nun único chamamento quedando decaídos no seu dereito os que non comparezan, agás nos casos de forza maior, debidamente xustificadas e libremente considerados polo tribunal. En calquera momento os aspirantes poderán ser requiridos polo tribunal coa finalidade de acreditar a súa identidade.

6.3. O primeiro exercicio da fase de oposición realizárase a partir do 15 de febreiro de 2005. A publicación dos sucesivos anuncios de realización dos exercicios será efectuada polo tribunal nos lugares onde se realizase o anterior, así como na sede do tribunal e por calquera outro medio que se xulgue conveniente para facilitar a súa máxima divulgación, con 48 horas

de antelación, polo menos, á data sinalada para a súa iniciación.

6.4. O tribunal poderá acordar a inclusión de preguntas de reserva que necesariamente deberán ser contestadas polos aspirantes. Os exercicios para a quenda de promoción interna realizaranse de xeito separado e con anterioridade aos de acceso xeral libre.

6.5. Os aspirantes de nacionalidade estranxeira, previamente á realización dos exercicios da fase de oposición, deberán acreditar o coñecemento do castelán, ben mediante a presentación dos diplomas e certificacións relacionadas na base 3.5.c), ben mediante a superación dunha proba que se axustará aos contidos establecidos no Real decreto 826/1988, do 20 de xullo, e na que se comprobará que posúen un nivel axeitado de comprensión e expresión oral e escrita. A non superación desta proba impedirá a realización dos exercicios da fase de oposición.

6.6. En calquera momento do proceso selectivo, se o tribunal tivese coñecemento de que algún dos aspirantes carece dos requisitos exixidos por esta convocatoria, logo da audiencia ao interesado, deberá propoñerlle a súa exclusión ao reitor da Universidade de Vigo, comunicándolle tamén as inexactitudes e falsidades formuladas polo aspirante na solicitude para os efectos procedentes.

7. Lista de aprobados.

7.1. Concluído cada un dos exercicios da fase de oposición, o tribunal fará pública nos lugares de realización destes e na reitoría a relación de aspirantes que os superasen, con indicación da puntuación obtida e do documento nacional de identidade.

7.2. Rematada a fase de oposición, e para os aspirantes que a superasen, o tribunal fará públicos os puntos obtidos na fase de concurso, que en ningún caso poderán sumarse para os efectos de superar os exercicios da oposición.

A cualificación final do proceso selectivo virá dada pola suma das puntuacións obtidas na fase de oposición e, de ser o caso, na fase de concurso. No caso de empate, terá preferencia o candidato con maior puntuación no conxunto da fase de oposición; de persistir, dirimirase a prol da maior puntuación no segundo e primeiro dos exercicios da fase de oposición. De manterse dirimirase finalmente por sorteo entre os aspirantes igualados.

O tribunal fará pública para cada sistema de acceso a lista de aspirantes que, segundo a orde de puntuación acadada por cada un deles, fosen seleccionados, que en ningún caso poderá conter un número de candidatos superior ao das prazas convocadas. Os opositores que non se atopen incluídos nas respectivas relacións terán a consideración de non aptos.

7.3. Rematado o proceso selectivo, o presidente do tribunal elevaralle ao reitor a relación definitiva de aspirantes aprobados segundo o respectivo sistema de acceso e por orde de puntuación, na que constarán as cualificacións da fase de concurso, se é o caso,

e de cada un dos exercicios da fase de oposición, e a suma total.

7.4. Coa finalidade de configurar a correspondente lista de agarda, unha vez rematado o proceso selectivo o tribunal remitirá á Xerencia a relación de aspirantes que superaran, alomenos, un dos exercicios obrigatorios, ordenados segundo as puntuacións obtidas en ambas fases.

8. Presentación de documentos.

8.1. No prazo de 20 días naturais a partir do seguinte a aquel no que se fagan públicas as relacións definitivas de aprobados, estes deberán presentar no rexistro xeral da Universidade de Vigo os seguintes documentos:

a) Fotocopia do título académico; no caso de titulación estranxeira, presentarse credencial da súa homologación, de non tela presentado anteriormente.

b) Declaración xurada ou promesa de non estar separado mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.

Os aspirantes que non posúan a nacionalidade española deberán presentar declaración xurada ou promesa de non estar sometidos a sanción disciplinaria ou condena penal que impida no seu Estado o acceso á función pública.

c) Certificado médico oficial de non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que imposibilite o desempeño das correspondentes funcións.

d) Os aspirantes que fixesen valer a súa condición de minusválidos deberán presentar certificación dos órganos competentes de sanidade ou servizos sociais da administración que corresponda, que acredite tal condición e igualmente a compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

8.2. Os que tivesen a condición de persoal laboral fixo da Universidade de Vigo estarán exentos de xustificar documentalmente as condicións e demais requisitos xa probados para acceder ao seu anterior posto.

8.3. Os que dentro do prazo fixado, agás caso de forza maior debidamente xustificado, non presentasen a documentación ou do exame dela se deducise que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 2, non poderán ser contratados, como consecuencia do proceso, como persoal laboral fixo da Universidade de Vigo e quedarán anuladas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que tivesen incorrido por falsidade na solicitude inicial, formulándose proposta a prol do candidato seguinte na orde de prelación, sempre que tivese superado a fase de oposición.

8.4. Os aspirantes seleccionados deberán superar satisfactoriamente un período de proba de catro meses, de conformidade co previsto no I Convenio colectivo para o persoal laboral da Universidade de Vigo e no Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo (BOE do 29 de marzo), polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.

9. Norma derradeira.

Esta convocatoria e as súas bases vinculan a Administración, o tribunal encargado de vulgar as probas e os que participen nelas.

A convocatoria e cantos actos administrativos deriven dela e da actuación do tribunal poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Ademais, a Universidade de Vigo poderá, se é o caso, proceder á revisión das resolucións do tribunal consonte o previsto na devandita lei.

Vigo, 21 de outubro de 2004.

Domingo Docampo Amoedo
Reitor da Universidade de Vigo

ANEXO I

Exercicios e valoración

A) Fase de oposición.

A fase de oposición estará constituída polos seguintes exercicios:

Primeiro.-Consistirá en contestar por escrito a un cuestionario de preguntas tipo test, con 4 respostas alternativas, das que só unha será correcta, baseado na primeira parte do programa que figura como anexo II. O tempo máximo de realización será de 90 minutos. Terá carácter obrigatorio e eliminatorio.

Segundo.-Consistirá en desenvolver por escrito tres temas de entre catro elixidos por sorteo baseados na primeira parte do programa. O tempo máximo de realización será de 180 minutos. Terá carácter obrigatorio e eliminatorio.

Terceiro.-Só para a quenda de acceso xeral libre. Terá carácter obrigatorio e non eliminatorio.

a) Consistirá nunha proba tipo test sobre a lingua galega. O tempo máximo de realización será de 20 minutos.

b) Consistirá en contestar por escrito a un cuestionario de preguntas tipo test, con 4 respostas alternativas, das que só unha será correcta, baseado na segunda parte do programa. O tempo máximo de realización será de 20 minutos.

Cualificación dos exercicios.

Nos exercicios tipo test cada resposta errónea descontará o 25% do valor da resposta correcta.

a) Promoción interna:

1º exercicio.-Cualificarase cun máximo de 35 puntos, sendo necesario obter 17,5 puntos para superalo.

2º exercicio.-Cualificarase cun máximo de 50 puntos, sendo necesario obter 25 puntos para superalo.

b) Acceso xeral libre:

1º exercicio.-Cualificarase cun máximo de 30 puntos, sendo necesario obter 15 puntos para superalo.

2º exercicio.-Cualificarase cun máximo de 45 puntos, sendo necesario obter 22,5 puntos para superalo.

3º exercicio.-Cualificarase cun máximo de 10 puntos, distribuídos como segue:

a) Galego: cualificarase cun máximo de 4 puntos.

b) Test: cualificarase cun máximo de 6 puntos.

B) Fase de concurso.

a) Promoción interna:

1. Antigüidade nas universidades públicas de Galicia, certificada pola xerencia ou unidade de persoal respectiva, a razón de 0,084 puntos por mes traballado, ata un máximo de 10 puntos.

2. Formación relacionada coa categoría da praza, acreditada suficientemente e impartida por centros e organismos oficiais, incluídas as materias cursadas para a obtención de títulos oficiais superiores ao exixido pola convocatoria ou afíns. Cualificarase cun máximo de 5 puntos.

b) Acceso xeral libre:

1. Experiencia: valorarase o desempeño de postos da mesma categoría ca o da praza convocada nas universidades públicas de Galicia, certificada pola xerencia ou unidade de persoal respectiva, a razón de 0,12 puntos por mes traballado, ata un máximo de 10 puntos.

2. Formación relacionada coa categoría da praza, acreditada suficientemente e impartida por centros e organismos oficiais, incluídas as materias cursadas para a obtención de títulos oficiais superiores ao exixido pola convocatoria ou afíns. Cualificarase cun máximo de 5 puntos.

ANEXO II

Programa

Primeira parte.

1. Directivas europeas marco e específicas de seguridade e saúde no traballo e de prevención de riscos laborais.

2. A Lei de prevención de riscos laborais. Estrutura e contido. Normativa de desenvolvemento.

3. O Regulamento de servizos de prevención. Estrutura e contido. Normativa de desenvolvemento.

4. A Lei de reforma do marco normativo en prevención de riscos laborais. Estrutura e contido.

5. Normas de adaptación e aplicación da lexislación de prevención de riscos laborais á Administración xeral do Estado e á Administración da Xunta de Galicia.

6. A distribución de competencias e coordinación de actuacións en materia de seguridade e saúde no traballo entre a Administración do Estado e das Comunidades Autónomas. Funcións e actuacións da Inspección de Traballo e Seguridade Social. O Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo. Os órganos técnicos das Comunidades Autónomas. A rede

española de seguridade e saúde no traballo. A Comisión Nacional de Seguridade no Traballo.

7. As normas técnicas. Concepto e tipos de normas. Orixe e evolución da normalización. Organismos internacionais, ISO e CEI. Organismos europeos. Situación en España. O mercado único e as normas harmonizadas. A certificación CE. As normas técnicas no ámbito da seguridade no traballo.

8. A xestión de riscos laborais na empresa. O sistema de xestión para a prevención. Sistemas de información para a dirección da empresa. Auditoría da prevención: obrigas da empresa. Autorización ás persoas ou entidades especializadas na realización de auditorías. Efectos da auditoría na calidade.

9. Coordinación de actividades empresariais. Concorrenza de varias empresas e traballadores nun mesmo centro de traballo.

10. Consulta e participación dos traballadores en prevención de riscos laborais. Responsabilidades e sancións. Os delegados de prevención: designación, garantías e competencias. O comité de seguridade e saúde. Colaboración coa Inspección de Traballo e Seguridade Social.

11. Obrigas dos fabricantes, importadores e subministradores. A libre circulación de mercadorías e o mercado único europeo. Responsabilidades por defectos dos produtos e outros prexuízos. Obrigas de información á empresa. Obrigas de información do empresario aos traballadores.

12. Integración da actividade preventiva na acción da empresa. Avaliación de riscos. Planificación da prevención. Organización dos recursos: funcións e requisitos. Actuacións en materias preventivas das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais.

13. Acreditación de entidades especializadas como servizos de prevención alleos. Funcións e niveis de cualificación. Autorización a entidades para desenvolver e certificar actividades formativas nesta materia.

14. Protección da maternidade e dos menores. Riscos laborais específicos para a muller traballadora no período de embarazo, posparto e lactación. Lexislación e medidas preventivas fronte aos riscos específicos. Protección de menores, riscos específicos e traballos prohibidos.

15. As técnicas preventivas. Os principios de prevención. Medicina do traballo. Hixiene industrial. Ergonomía. Psicosocioloxía aplicada. Información e comunicación.

16. Conceptos de saúde e prevención. Concepto e obxectivos da medicina do traballo. Patoloxías de orixe laboral. Epidemioloxía laboral. Vixilancia da saúde. Promoción da saúde. Planificación e información sanitaria.

17. Utilización de equipamentos de protección individual. Concepto e prioridade de utilización dos equipos de protección individual (EPI) no traballo. Tipos.

Normativa do mercado único europeo relativa ao deseño e comercialización dos EPI.

18. A formación en prevención de riscos laborais na empresa. Planificación, diagnóstico de necesidades e definición de obxectivos. Programas. Métodos e técnicas. Ensinanza a distancia e novas tecnoloxías aplicadas á formación. Avaliación da formación.

19. Ámbitos de prevención relacionados: xestión ambiental, seguridade vial, seguridade patrimonial, seguridade industrial. Políticas e planos de calidade na universidade.

20. Orde, limpeza, mantemento. Condicións ambientais. Iluminación. Servizos e locais de descanso. Locais provisionais e traballos ao aire libre. Apertura de novos centros de traballo.

21. Prevención e protección contra incendios: principios xerais. Conceptos básicos sobre causas e propagación. Produtos inflamables e explosivos e o seu almacenamento. Planos de emerxencia e autoprotección. Regulamentación de instalacións de protección de incendios. As normas básicas de edificación.

22. Riscos de explosión. Concepto de explosión e atmosfera explosiva. Límites e valores de referencia. Localizacións perigosas. Clases. Pos inflamables ou combustibles. Xeitos de protección. Material utilizable en atmosferas explosivas.

23. Riscos eléctricos (I). Localización. Efectos fisiolóxicos da corrente eléctrica. Factores de risco no choque eléctrico. Actuacións en caso de accidente eléctrico. Ferramentas e aparellos eléctricos. Medios específicos de protección colectiva e individual.

24. Riscos eléctricos (II). Sistemas de protección contra contactos eléctricos en baixa tensión. Traballos en alta tensión e sen tensión. Verificación de instalacións eléctricas. Lugares con riscos especiais. Humidade, corrosión, líquidos... Protección contra incendios de orixe eléctrico. Material eléctrico e proteccións en lugares clasificados. Electricidade estática.

25. Análise, avaliación e control dos riscos específicos ligados a produtos químicos. Resíduos tóxicos e perigosos. Especial aplicación nos laboratorios e centros de investigación da Universidade de Vigo.

26. Análise, avaliación e control dos riscos de carácter biolóxico. Particularidades dos laboratorios e centros de investigación da Universidade de Vigo.

27. Protección dos traballadores contra riscos relacionados coa exposición a axentes canceríxenos.

28. Prevención de accidentes maiores. Concepto e marco legal. Avaliación. Análise de accidentes. Método HAZOP. Planos de emerxencia interior e exterior. Actuacións das administracións públicas competentes.

29. Normas e sinalización de seguridade e saúde. A norma interna de seguridade. Obxectivos e tipo de sinalización. Regulamentación sobre sinalización de seguridade e saúde laboral.

30. Utilización de equipamentos de traballo. Normas de aplicación. Lexislación do mercado único europeo. Certificación e marcado CE. Seguridade das máquinas. Aparellos e instalacións a presión. Maquinaria móbil. Aparellos de elevación de cargas e persoas.

31. Técnicas de seguridade. Concepto de risco e teoría da casualidade. Técnicas específicas. Técnicas xerais. Analíticas e operativas.

32. Inspección de seguridade e investigación de accidentes. Concepto e obxectivos das inspeccións de seguridade. Inspeccións planificadas e non planificadas. Medios de apoio e accións da dirección. Concepto e obxectivos da investigación de accidentes. Metodoloxía xeral da investigación. O informe. Consecuencias.

33. Técnicas de eliminación e redución de riscos. Concepto de integración da prevención no proceso produtivo e na organización. Calidade total e prevención de riscos. Prevención no deseño e na fase de toma de decisións. Actuacións sobre o medio. Protección colectiva. Actuacións de carácter organizativo. Actuacións sobre a persoa.

34. Seguridade e saúde en obras de reparación e mantemento. Particularidade dos riscos nas obras. Actuacións e responsabilidades de promotores, proxectistas, construtores, contratistas e subcontratistas, traballadores autónomos, coordinadores de seguridade, dirección facultativa e propiedade.

35. O tratamento da información. A confidencialidade dos datos. A Lei orgánica de regulación do tratamento automatizado de datos de carácter persoal e normativa de desenvolvemento.

36. Accidentes de traballo e enfermidades profesionais. Concepto. Notificación, rexistro e clasificación. Normativa legal. Enfermidades do traballo e enfermidades relacionadas con el.

37. Epidemioloxía. Conceptos básicos. O método epidemiolóxico. Deseño, características e tipos de estudos epidemiolóxicos. Vixilancia epidemiolóxica.

Segunda parte.

1. A Constitución de 1978: dereitos e deberes fundamentais. Goberno, Cortes Xerais e Administración. O Estatuto de autonomía de Galicia. As institucións da Comunidade Autónoma de Galicia: composición, organización e competencias.

2. A Lei do Estatuto dos traballadores: disposicións xerais. O contrato de traballo. Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo. Dereitos de representación e reunión. A negociación colectiva.

3. O procedemento administrativo común. Órganos das administracións públicas. Os interesados. A actividade das administracións. Disposicións xerais sobre os procedementos administrativos. Revisión de actos.

4. A Lei orgánica de universidades.

5. Os estatutos da Universidade de Vigo. Natureza e estrutura da universidade. Órganos de goberno. A comunidade universitaria. Garantías xurídicas. Réxime económico e financeiro.
6. Clases e réxime xurídico do persoal de administración e servizos da Universidade de Vigo. O I convenio colectivo do persoal laboral da Universidade de Vigo.

ANEXO III

Tribunal

Titular.

Presidente: José Antonio Gómez González, corpo superior da Administración da Xunta de Galicia, en representación da Universidade de Vigo.

Vogais:

Antonio Lama Varela, corpo superior da Administración da Xunta de Galicia, en representación da Universidade de Vigo.

María Luisa Magaz Ledo, auxiliar técnico en Servizos Xerais en representación do Comité Intercentros.

Cándido Pérez Betanzos, técnico especialista en Transporte e Distribución en representación do Comité Intercentros.

Secretario: Manuel Gil Fernández, persoal laboral (médico) da Xunta de Galicia, en representación da Universidade de Vigo, que actuará con voz e voto.

Suplente:

Presidente: Evaristo Rodríguez González, corpo superior da Administración da Xunta de Galicia, en representación da Universidade de Vigo.

Vocais:

Jesús Torres Pombo, corpo superior da Administración da Xunta de Galicia, en representación da Universidade de Vigo.

Manuel Velásco Graña, técnico especialista en Biblioteca en representación do Comité Intercentros.

Antón García Fernández, técnico especialista en Servizos Xerais en representación do Comité Intercentros.

Secretario: Alberto López Abel, escala de xestión da Universidade de Vigo, en representación da Universidade de Vigo, que actuará con voz e voto.

ANEXO IV

SOLICITUDE

CONVOCATORIA

1. Escala/Categoría		TÉCNICO SUPERIOR EN PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS, ÁREA DE SEGURIDADE NO TRABALLO		CÓDIGO	L104TSPRLS
2. Sistema de provisión:		Acceso libre		☐	
3. Convocea:		UNIVERSIDADE DE VIGO		5. Grao de minusvalidez: %	
4. Localidade de exame:		VIGO			
6. En caso de minusvalidez ou discapacidade, adaptación que se solicita e motivo dela:					

DATOS PERSOAIS

7. Nome e apelidos:	
8. Nacionalidade:	
9. Nº do DNI ou nº do documento acreditativo da nacionalidade:	
10. Enderezo:	11. Código postal:
12. Localidade:	13. Provincia:
14. Tlf. e-mail:	
15. Datos a consignar segundo as bases da convocatoria:	
16. Prestou servizos na Universidade de Vigo:	
17. De proceder o reintegro dos dereitos de exame, solicito que se transfira a conta (indíquense os 20 díxitos):	
D. C.	
código de banco	
número de conta	

O/A abaixo asinante solicita ser admitido ás probas selectivas a que se refire a presente instancia e DECLARA que son certos os datos consignados nela, e que reúne as condicións existidas para o ingreso na función pública e as requiridas especificamente por esta convocatoria, comprometéndose a probar documentalmente todos os datos que figuran nesta solicitude.

En de de 2004

(sinatura)

RECTOR DA UNIVERSIDADE DE VIGO

Este impreso non será válido sen o selo ou impresión mecánica da oficina bancaria.

Importe: 36 euros

Ingreso na conta nº 2091-0501-64-3110000201
Caixa Galicia, O.P.-Vigo, Universidade de Vigo. Taxas.
T.S. PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS – SEGURIDADE NO TRABALLO

V. ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA E INSTRUCCIÓN NÚMERO UN DE PADRÓN

Edicto (90/1997).

En Padrón o trinta de xullo de dous mil catro.

Luis Fernández Arias González, secretario do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución número un de Padrón, fago saber que neste xulgado se ditou auto con data do 30 de xullo de 2004, cuxa parte dispositiva establece:

«Parte dispositiva.

Aprobase o remate dos bens inmobles, descritos no antecedente de feito primeiro desta resolución, a prol de Ramón Vázquez Mourelle, pola suma de 2.800 euros respecto do sinalado en primeiro lugar, pola suma de 970 euros respecto do sinalado en segundo lugar e pola suma de 2.690 euros respecto do sinalado en terceiro lugar. O rematante é propietario das 11/15 partes dos citados predios e, constando consignada nos autos a cantidade de 1.722,66 euros, correspondente ás 4/15 partes do prezo de remate, procede adxudicarlle a Ramón Vázquez Mourelle as 4/15 partes dos predios a que se refire o antecedente de feito desta resolución, pola cantidade de 746,66 euros respecto do primeiro predio, pola cantidade de 258,67 euros respecto do segundo e pola cantidade de 717,33 euros respecto do terceiro.

En canto sexa firme, expídasele ao adxudicatario testemuño deste auto, que servirá de título bastante para a inscrición ao seu favor no Rexistro da Propiedade, entendéndose subsistentes todas as cargas e gravames con relación aos predios adxudicados, facéndose constar que o adxudicatario as aceptou e quedou subrogado na súa responsabilidade.

En caso de o solicitar o adxudicatario, líbrese para tal fin o oportuno mandamento por duplicado ao rexistrador da Propiedade de Padrón.

Notifíqueseles esta resolución ás partes, practicándoseles aos demandados rebeldes a través do *Diario Oficial de Galicia* (artigo 497 da LAC). Fágase saber que non é firme e que contra ela cabe interpor recurso de apelación no prazo de cinco días para ante a Audiencia Provincial da Coruña.

Así o manda e asina S.S.; do que dou fe».

E para que lles sirva de notificación aos demandados rebeldes, José, Saturnino e Jesús Veiga Villar, estendo este edicto en Padrón o 30 de xullo de 2004.

O secretario
Rubricado

VI. ANUNCIOS

a) DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

Resolución do 24 de setembro de 2004, da Secretaría Xeral e do Patrimonio da Consellería de Economía e Facenda, pola que se fan públicas as razóns que xustifican a utilización do procedemento de contratación directa no alugueiro dun local na Estrada (Pontevedra) para instalar dependencias da Comunidade Autónoma de Galicia.

En cumprimento do disposto no artigo 22 da Lei 3/1985, do 12 de abril, do patrimonio da Comunidade Autónoma e 55 do seu regulamento, e á vista das competencias que teño atribuídas conforme o Decreto 115/2004, do 3 de xuño,

RESOLVO:

Facer público que, por razón das necesidades do servizo que satisfacer xustifícase, logo da fiscalización da Intervención Delegada da Consellería de Economía e Facenda e por proposta da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, a utilización do procedemento de contratación directa no alugueiro dun inmovible sito na rúa Justo Martínez, nº 7, baixo, A Estrada (Pontevedra) para instalación de dependencias da Comunidade Autónoma de Galicia.

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2004.

Emilio Álvarez Rey
Secretario xeral e do Patrimonio da
Consellería de Economía e Facenda

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA

Resolución do 3 de novembro de 2004, da Dirección Xeral de Obras Públicas, pola que se fai pública a declaración de impacto ambiental formulada pola Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental o 20 de outubro de 2004, relativa ao proxecto de trazado do semienlace sentido Ourense, de conexión da autoestrada Santiago de Compostela-Ourense coa N-525 nas proximidades de Piñor (OU/03/042.01.3).

En cumprimento do disposto no artigo 5 do Decreto 442/1990, do 13 de setembro, de avaliación de impacto ambiental para Galicia, así como o disposto no Real decreto legislativo 1302/1986, do 28 de